



With financial support from  
the European Union Programme for Employment  
and Social Innovation "EaSI" (2014-2020)



## RESOLUCIÓN REITORAL DE 26 DE MAIO DE 2017, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DE DEZ BOLSAS DE AXUDA Á MOBILIDADE TRANSFRONTEIRIZA PARA O ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO MARCO DO EURES TRANSFRONTERIZO GALICIA - NORTE DE PORTUGAL.

A fin de concretar os compromisos adquiridos pola Universidade de Vigo no plan de actividades da Rede Eures Transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal para o ano 2017, e coa finalidade de promover a mobilidade transfronteiriza do alumnado da Universidade de Vigo, aproveitando as competencias e cualificacións dos/as futuros/as titulados/as da nosa institución, esta Reitoría

### RESOLVE:

- 1.- Anunciar a convocatoria de **dez bolsas de axuda vinculadas á actividade da Universidade de Vigo dentro do plan anual de Eures-T GNP**, denominada "*Workshop + Internship - a interculturalidade como valor engadido aos programas de mobilidade dentro de EUREST-T*" para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares con carácter transfronterizo así como un obradoiro en competencias interculturais.
- 2.- Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros do rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.
- 3.-Os fondos destinados ao pagamento destas bolsas corresponderán a aplicación orzamentaria **2017 0000 121D 482.11**
- 4.- As bolsas solicitaranse no modelo oficial **ata o día 9 de xuño**, presentando a documentación requirida nos rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera outro dos lugares previstos no artigo en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do dia seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 26 de maio de 2017

O reitor  
Por delegación R.R. do 7 de maio de 2014 (DOG 13-05-2014)  
A vicerrectora de Estudantes



Universidade de Vigo -  
Rexistro Xeral

Saída Nº. 20170008551  
26/05/17 12:51:18

Diligencia para facer constar que esta resolución  
publicase nos taboleiros de anuncios do Rexistro Xeral  
da Universidade de Vigo, con data de 26 de maio de  
2017

O director da Área de Emprego  
Alejandro Martínez Gómez